



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



RECOMENDACIÓNS CONTRA O COVID EN ZONAS TIC

Ademais das normas Covid 19 de cumprimento en tódolos recintos do centro teremos especial coidado nas **zonas TIC**

En tódalas aulas TIC o alumnado con horario fixo nas mesmas ocupará sempre o mesmo posto e moverase do mesmo o estritamente necesario. Se o aforo o permite deixaremos entre cada dous alumnos un oco libre.

Aulas de informática

Nas aulas de informática - todas elas dotadas con vinte postos de traballo - debido á imposibilidade de reorganizar os espazos colocaranse mamparas de protección entre postos.

Ditas mamparas serán de policarbonato transparente de 4 mm de grosor, cunha medida de 80 cm de longo por 60 cm de alto, sen xanela central e con dúas patas de soporte tamén en policarbonato. O policarbonato é un material de gran transparencia e de alta resistencia ao impacto.

O alumnado colocarse sempre no mesmo posto de traballo e antes de terminar a clase limpará mediante un produto tipo Sanitol a zona correspondente ao seu posto, incluído o teclado e o rato. Para iso pulverizará o produto sobre o papel de limpeza, nunca sobre o teclado e o rato directamente, o que podería causar algún tipo de risco eléctrico.

Cada alumno/a limpará tamén a parte de mampara que se atopa na súa zona de traballo. Posteriormente tirará na papeleira da aula o papel utilizado para a limpeza, sempre accionándoa mediante o correspondente pedal.

A aula estará ventilada o maior tempo posible debido a que á presenza de alumnado hai que sumar a calor producida polos equipos informáticos.

Soamente permitirase a presenza dun alumno por cada posto de traballo. En caso contrario tomaranse as medidas necesarias para non superar o aforo da aula.

Por exemplo, nas clases de tecnoloxía da ESO unha parte do alumnado estará na aula de informática e o resto no taller. Como as dúas aulas están comunicadas internamente o profesorado poderá atender ao alumnado dividido.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



Equipos de sala de profes e biblioteca

Do mesmo xeito que ocorre nas aulas de informática, instalaranse mamparas de policarbonato de 4 mm de grosor e 80 cm de longo por 60 cm de alto, sen xanela central.

Cada vez que alguén deixe libre un posto, encargarse de limpalo mediante un produto tipo Sanitol. Limpará a zona correspondente ao seu posto, incluído o teclado e o rato. Para iso pulverizará o produto sobre o papel de limpeza, nunca sobre o teclado e o rato directamente, o que podería causar algún tipo de risco eléctrico. Cada usuario limpará tamén a parte de mampara que se atopa na súa zona de traballo. Posteriormente tirará na papeleira o papel utilizado para a limpeza, sempre accionándoa mediante o correspondente pedal.

Equipos de profesorado en cada unha das aulas

Na maior parte das aulas o profesorado ten á súa disposición unha pizarra dixital interactiva (PDI) e un portátil. Soamente o profesorado terá acceso aos equipos, sendo o encargado de limpalos correctamente unha vez terminada a clase.

Dotarase a todos os equipos dun teclado e un rato externo para evitar o deterioro dos teclados dos portátiles que serían de difícil substitución en caso de avaría. Así evitamos tamén o borrado da simboloxía das teclas debido ao uso de produtos de limpeza.

O profesorado acenderá o portátil á primeira hora e traballará co teclado e rato externo. Cada equipo estará programado para apagarse automaticamente ao rematar o día.

Rematada a clase limparase soamente mediante un produto tipo Sanitol o teclado e o rato externos. Para iso pulverizarase o produto sobre o papel de limpeza, nunca sobre o teclado e o rato directamente, o que podería causar algún tipo de risco eléctrico. Tamén limparase a parte da mesa que abarca a zona de traballo.

Limparase antes e despois de cada sesión de traballo o lapis do taboleiro dixital mediante hidroxel.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tlf: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



Aula TIC A27

Na aula de informática A27 utilizada tamén como taller polos alumnos de Tecnoloxía Industrial e TICs de primeiro e segundo de bacharelato, ademais das medidas anteriormente indicadas os alumnos traballarán con kits individuais de robótica, electrónica e soldadura electrónica. Cada kit asignarase a un alumno para todo o curso e programaranse as actividades para o seu uso exclusivo durante todo o ano.

O departamento de tecnoloxía tomará as medidas oportunas para que en caso de formación a distancia os alumnos poidan levar a casa o correspondente kit, independentemente de que se utilicen ou non simuladores dos mesmos.

Posto que unha materia nunca se imparte dúas veces o mesmo día, cada alumno unha vez rematada a hora de clase deixará o kit sobre unha zona habilitada para tal fin e separada por mamparas do resto da aula. Desta maneira superaranse sen problema as catro horas recomendadas para a desaparición do virus sobre superficies.

Recomendacións para tódalas zonas TIC

Aínda que o profesorado poderá levar o seu propio teclado e rato externo, evitaremos levar accesorios innecesarios. Temos que pensar que por exemplo, si levamos o noso propio teclado, temos que desconectar o anterior e tamén deixalo conectado para o seguinte usuario, así que non evitaremos ter que tocalo e co tempo posiblemente provocaremos a avaría do conector usb do portátil.

Procuraremos traballar con contidos online ou xa instalados para non ter que manipular CDs, DVDs, etc.

No caso dos pendrives intentaremos substituílos por algún sistema de almacenamento na nube, así tamén evitaremos a propagación doutro tipo de virus.

Ademais procuraremos cumprir as normas habituais de uso das aulas TIC.